

Concurso Actividades creativas

Obxectivo da actividade

Con esta actividade preténdese **visualizar a evolución da igualdade de oportunidades** entre mulleres e homes e as diferenzas aínda existentes no traballo, as tarefas do fogar e, en xeral, as oportunidades segundo sexo.

O propósito das creacións é **representar situacións cotiás con perspectiva de xénero**: evolución histórica da situación laboral da muller, reparto das tarefas domésticas, coidado de nenas/os e persoas maiores ou dependentes, simulación de situacións de violencia para exemplificar esta problemática, etc.

Categorías das creacións

- Captura fotográfica co móbil.
- Pintura.
- Creación de *collages*.

Recollida das creacións

As creacións elaboradas polo alumnado serán entregadas no **departamento de Orientación do IES** e recollidas, posteriormente, pola Educadora Familiar para seleccionar os traballos que mellor expresen a situación de igualdade/desigualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia da xénero.

O envío de fotografías poderase realizar por correo electrónico dirixíndoo ao departamento de Orientación do IES.

Exposición e concurso

Entre as creacións presentadas polo alumnado escolleranse as que mellor representen situacións de igualdade ou discriminación, sendo expostas nun espazo habilitado para tal fin (Local Social de Cariño ou espazo dispoñible no IES).

Os traballos expostos formarán parte dun concurso no que se elixirá o traballo que mellor represente o obxectivo desta actividade.

O **xurado** que elixirá a creación gañadora estará formado por persoal do IES (profesorado, dpto. de Orientación...) e por persoal dos Servizos Sociais de Cariño (traballadora social, educadora familiar...).

O **premio** do concurso acordarase previamente entre os membros do xurado e terá un carácter simbólico; recoñecerá o esforzo realizado e a implicación por parte do alumnado para facer visible a igualdade de oportunidades e a sensibilización contra a violencia de xénero.

Para a elección da creación gañadora seguiranse criterios baseados en:

- Orixinalidade.
- Creatividade.
- Realismo.
- Participación de persoas alleas ao centro educativo: familiares, veciñanza, etc.

Data límite de inscrición

12 de novembro de 2014.

Número mínimo de participantes

6 persoas ou 6 grupos.

Data de entrega de material

19 de novembro de 2014.

Data da exposición

Desde o 24 e novembro ata o 12 de decembro de 2014.

Comunicación do premio

15 de decembro de 2014.